



CIRCULAR 53-2023.

IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS DE PROBAS COMBINADAS AIRE LIBRE

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o IX Campionato Xunta de Galicia de Clubs de Probas Combinadas os días 29 e 30 de abril nas pistas do CGTD de Pontevedra.

Art.2).- Poderán participar os 8 clubs masculinos e femininos que, na inscrición, presenten maior suma de puntos nas seguintes condicións:

- É preciso inscribir a 3 ou 4 atletas por equipo.
- A suma de puntos realizarase coas 3 mellores marcas nas probas combinadas.
- Terán validez as marcas obtidas por atletas con licenza en vigor das categorías Sub 16, Sub 18, Sub 20, Sub 23, Sénior e Máster, independentemente da súa categoría.
- As combinadas Máster puntuarán sen aplicación de coeficientes de idade. [\(pódense calcular no "Documento de Inscrición" publicado premendo aquí\)](#)
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023, tanto nas combinadas de aire libre como nas de pista cuberta, por atletas con licenza en vigor polo club participante, aínda que teñan estado noutro club no 2022.
- Poderá participar 1 atleta de club asociado por equipo.

Reservaranse 8 prazas en mulleres e en homes para atletas que, non formando parte dun equipo, presenten mellor marca ou mellor suma de puntos das probas individuais que compoñan a súa combinada.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2022, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.
- A comparación entre marcas de diferentes disciplinas (**exatlón/heptatlón ou octatlón/decatlón**) realizarase por media de puntos, obtida esta dividindo os puntos totais entre o número de probas disputadas.

Art.3).- As inscricións realizaranse ata as 20:00 horas do xoves 20 de abril de 2023 enviando un correo electrónico a direcciontecnica@atletismo.gal e atendendo ás seguintes premisas:



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

- Cada club deberá remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Formulario Obrigatorio" publicado na web da FGA ([pode acceder premendo aquí](#)), onde deberá cubrir a folla "Inscripcións" indicando, de ser o caso, os atletas que conforman o equipo, así como as posibles inscricións individuais. En todo caso indicarse a marca, así como o lugar e a data da mesma.
- Aqueles atletas que participen de xeito individual e, non tendo marca en probas combinadas, queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2022, deberán cubrir e remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Documento de Inscrición" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)). Onde deberán cubrir a folla "Sumatorio individuais".
- Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para aqueles que participen de xeito individual.

Art.4).- Cada equipo poderá efectuar 1 troco sobre a inscrición inicial ata 20 minutos antes do peche de cámara de chamadas da primeira proba.

Art.5).- Prazos de comunicación de baixas

- Rematará ás 10:00 horas do luns 24 de abril.
 - o Aqueles atletas que poidan ser admitidos a partir de ese momento, terán ata as 10:00 horas do martes 25 de abril para comunicar a súa baixa.

Calquera baixa non comunicada en prazo a: direcciontecnica@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.6).- Haberá trofeos para os tres primeiros clubs masculinos e femininos clasificados a nivel absoluto.

- Puntuarán para a clasificación as 3 mellores marcas por equipo, independentemente da súa categoría.
- As combinadas Máster puntuarán sen aplicación de coeficientes de idade.
- Os clubs que non puntúen con 3 atletas, clasificarán detrás dos equipos que si o fagan.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art. 9).- Horario Provisional.

Publicarase o horario unha vez rematado o prazo de comunicación de baixas.

Celebrarase o Cto. nas seguintes xornadas:

Sábado: Xornada de mañá e tarde.
Domingo: Xornada de mañá e tarde.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ó inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 13 de abril de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo